

actividades para a clase actividades para a clase actividades

para a clase actividades para a clase **actividades**

para a clase actividades para a clase actividades

para a clase actividades para a clase actividades para

clase actividades para a clase **actividades** para





Nome Data

1. As seguintes palabras corresponden ás partes externas dun libro. Defíneas e anota que texto levan as que corresponden ao libro de Cordelúa:

CUBERTA:

SOBRECUBERTA:

LAPELA:

LOMBO:

2. Aquí tes varias opinións publicadas sobre o libro que liches:

(...) Cordelúa posúe unha capacidade tal de provocar a empatía e a identificación do lector que a converte nun catalizador de sensacións, nun artefacto literario capaz de absorbernos coma se se tratase dun obxecto máxico.
(Sofía Rhei 17/05/07)

(...) Cordelúa, ten un verdadeiro defecto que é unha paxinación excesiva para o narrado. Practicamente presentámonos na páxina douscentos para que comece a acción de auténtico miolo, cando se confirman os elementos fantásticos que achegan novo interese ao relato.
(Julián Díez 5/06/07).

(...) Feitizo e paixón son os elementos clave na historia de amor de Elia Barceló, coñecida como a “Dama Negra” da literatura española. A espada Cordelúa é o talismán dun misterio e a chave para romper o maleficio. No século XI, unha dama nobre e un cabaleiro viven a súa historia de amor maldita, mentres que no século XXI outra parella loita por desfacer o sortilexio.
(Revista Babar.com 19 de febreiro do 2007).

- Señala aquela opinión ou opinións que ti compartes.
- Das tres opinións, cal che parece a máis obxectiva? Razoa a túa resposta.

Data
Nome

3. Agora redacta a túa opinión sobre o libro. Combina coa información que ofrezas a túa valoración ou visión persoal.

Nome Data

4. Proponémosche que recompiles información para elaborar un pequeno traballo sobre a autora do libro: Elia Barceló. O teu traballo ten que ter información sacada das seguintes fontes:

- 1 Podes comezar a procura na **biblioteca** do teu centro ou nalgunha do teu contorno.
- 2 Podes consultar tamén **bibliotecas virtuais**, funcionan coma as tradicionais, pero teñen como vantaxe poder consultar os seus catálogos desde calquera parte que che permita acceso a Internet. Unha das máis visitadas é a Biblioteca virtual Miguel de Cervantes (<http://www.cervantesvirtual.com>). Entra e escribe o nome da autora.
- 3 A **hemeroteca** é unha sección da biblioteca onde se gardan publicacións periódicas como xornais, revistas... É unha fonte idónea para buscar información moi actual.
- 4 Navega por Internet para completar a túa información, utilizando un buscador como **Google**.



Nome Data

5. Coa información recompilada e tras lela atentamente, fai un resumo e extrae dela o máis importante, redactando un pequeno informe no que debe constar a súa biografía, estilo literario, obras publicadas e premios gañados. Podes incluír tamén algunha imaxe gráfica para completalo.



Nome Data

6. Como sabes, os tres grandes xéneros literarios son: a narrativa, o teatro (ou xénero dramático) e a lírica.

- Define nunha frase cada un deles. Se fai falta, consulta o teu libro de Lingua e Literatura.

NARRATIVA

TEATRO

LÍRICA

- A que xénero literario pertence a obra de Elia Barceló?

7. No exercicio anterior lembraches os tres grandes xéneros literarios. Agora ímonos centrar nun deles: a narrativa. Dentro desta podemos distinguir subxéneros segundo as características formais, a temática das obras... Algúns subxéneros narrativos son: a épica, o conto e a novela.

- Lembra as características de cada un.



ÉPICA



CONTO



NOVELA

- Dentro de que grupo estaría Cordelúa? Xustifica a túa resposta.

Nome Data

8. Segundo o tipo de feitos que se narran en Cordelúa, como clasificarías este libro?

- Aventuras
- Tema policial
- Tema histórico
- Ciencia ficción
- Fantasía

9. O libro que liches conta dúas historias intercaladas. Enmarca cada unha no lugar e no tempo no que suceden.

LUGAR XEOGRÁFICO	TEMPO HISTÓRICO

Nome..... Data



Nome
Data

10. Clasifica os personaxes que aparecen na novela en:

Personaxes principais	Personaxes secundarios	Personaxe antagonista

11. De que personaxe histórico é vasalo Sancho? Busca información sobre esta figura histórica: anos nos que viviu, grandes fazañas que se lle atribúen, casas reais coas que emparentou etc.



Nome Data

12. No libro aparecen moitos trazos característicos da Idade Media: situación histórica, cultural e social. Destaca aquel trazo que máis che chamou a atención e indica por que.

13. Como cres que debía ser na Idade Media facerlle as beiras a unha moza? Compara os dous cortexos que se relatan entre os protagonistas do libro. En que se parecen e en que son moi diferentes?



14. O amor que nace decontado entre Serxio e Gloria, sen saber a razón, sen atopar un porqué, unha lóxica... nada. Só se ve reflectido nos diálogos intentando explicar ese amor.

“É que isto non pode pasar, Tina. Isto non é normal. Eu nunca me namorei de ninguén (...) Se nin sequera falei con el! Non sei como pensa, nin que lle gusta, nin sequera de onde é”.

“Case non nos coñecemos e porén é coma se toda a miña vida a estivese buscando a ela; non a alguén coma ela, senón a ela en concreto”

- Cres que esta situación se pode dar na realidade? Argumenta a túa resposta.

15. Elia Barceló en Cordelúa traballa con varios niveis temporais, polo tanto, a prosa vaise adaptando a cada época para diferencíalos.

- Notaches as diferenzas durante a lectura? Escribe dous exemplos de cada e coméntaos.

Data

Nome



16. Velaquí tes unha listaxe de palabras usadas en Cordelúa.

- Busca o seu significado e diferencia as que se usaban na Idade Media e aquelas que se usan na parte contemporánea do libro.

Nome..... Data.....

MESNADAS

VASALO

RAP

DESTERRO

REFRIXERACIÓN



Nome Data

LORIGA

.....
.....
.....
.....

HELMO

.....
.....
.....
.....

DOCUMENTAL

.....
.....
.....
.....

XOGRAR

.....
.....
.....
.....

- Por que cres que estas palabras eran (ou son) comúns na súa propia época? Explica o motivo.

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....



Nome Data

17. Busca palabras para definir os sentimentos e as emocións que están presentes nas relacións dos distintos personaxes.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....



18. Os protagonistas da época actual están inmersos nun proxecto cinematográfico. Explica. Cres que lograrán o obxectivo proposto?

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....



19. Comenta algún espectáculo audiovisual ao que asistises ultimamente e explica se che impactou e por que.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....





Nome
Data

20. Busca no dicionario *empatía*.

EMPATÍA

- Agora que sabes o significado, cres que esta palabra está relacionada co que sucede no libro nalgún momento? Xustifica a túa resposta.

21. Que é Cordelúa?
